

# Celga



# 2

## PROBA B (ORAL)

### Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-B-01

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea o seguinte texto e tome as notas que precise.

consumer.es **EROSKI**
nº 57 xullo-agosto 2002

### Deporte na infancia e na adolescencia

## Beneficioso para o desenvolvemento físico e persoal

Amáis de axudar a previr enfermidades, demostrouse que os adolescentes que practican deporte regularmente consomen menos drogas



Tense discutido moito sobre a influencia do deporte no crecemento infantil. Algúns expertos sinalan posibles consecuencias negativas para o organismo, xa que o corpo dun neno é fráxil e está en pleno crecemento, e os adestramentos excesivamente duros e os inevitables golpes poderían influír negativamente nel. Pero ninguén conseguiu demostrar este extremo e si, pola contra, as vantaxes que reporta a práctica deportiva regular desde a infancia. Ademais, é máis doado ensinar hábitos saudables cando os rapaces son aínda novos que eliminar hábitos malos ou autodestrutivos na idade adulta. Falta de actividade, tabaquismo, sobrepeso, alimentación pouco axeitada e outras variables están presentes na xénese e desenvolvemento das chamadas enfermidades dexenerativas. Estas anormalidades, aínda que se manifestan na idade adulta, comezan a se xerar na infancia. E é daquela cando se pode comezar a previlas, entre outras maneiras, practicando deporte.

**Anteriores artigos**

- Calzado axeitado
- Estreitamento das arterias
- Enfermidade de Crohn
- Disfunción eréctil do pene
- Mononucleose infecciosa

### Hai algún deporte desaconsellable?

Numerosos factores poden influír na elección dun deporte, amáis das preferencias persoais, pero destaca o papel dos medios de comunicación: os deportes con máis presenza na televisión teñen máis predicamentos entre os adolescentes.

Os pais preguntanse a miúdo se determinado deporte resulta bo ou malo para a saúde do neno ou da nena. Non é doado de responder, pois aínda que se demostrou que o deporte é, en xeral, bo para os nenos, non hai estudos concluíntes sobre como influén disciplinas concretas no crecemento e desenvolvemento infantil. Así e todo, a modo de orientación, expomos o que os médicos do deporte admiten sobre esta cuestión, aclarando que a palabra "risco" se utiliza só desde o punto de vista do crecemento e do desenvolvemento.

- **Deportes sen risco, considerados beneficiosos:** natación, ciclismo, balonmán, baloncesto, patinaxe...
- **Deportes discutibles:** tenis, squash, equitación, ximnasia en chan, danza clásica, judo, esgrima, esquí...
- **Deportes con risco:** rugby, fútbol, salto de trampolín e panca, halterofilia, windsurf, esquí náutico...

Texto adaptado de <http://revista.consumer.es/web/ga/20020701/salud/49103.php>

**PARTE 2**

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1 minuto aprox.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Como se chama?</li> <li>▪ A que se dedica?</li> <li>▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...</li> <li>▪ Canto tempo leva estudando galego?</li> <li>▪ Por que o estuda?</li> <li>▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten?</li> </ul> <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Que lle gusta máis da cultura galega?</li> <li>▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?</li> </ul>	

2. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cales son as vantaxes da práctica de deporte na infancia?</li> <li>▪ Que di o texto respecto dos hábitos autodestrutivos da idade adulta?</li> <li>▪ Hai algún risco en practicar deporte na infancia ou na adolescencia?</li> <li>▪ Que tipo de deportes poden practicar os nenos pequenos? Por que?</li> <li>▪ Hai deportes considerados malos ou negativos?</li> </ul>	

3. RELATO	3 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none"> <li><b>A.</b> Conte con detalle algunha anécdota real ou ficticia da súa infancia ou adolescencia relacionada con algún deporte ou actividade de lecer.</li> <li><b>B.</b> Conte con detalle algunha anécdota real ou ficticia relacionada coa práctica de deportes ou actividades de lecer.</li> <li><b>C.</b> Conte con detalles algunha anécdota que lle ocorreu e estea relacionada cos deportes ou con algunha actividade do seu tempo libre (unha viaxe, un deporte de risco etc.).</li> </ul>	

**4. INTERACCIÓN**

**4 minutos aprox.**

**OPCIÓN A**

- Cre que a práctica de deportes na infancia é realmente beneficiosa? Por que?
- Considera que os deportes poden ser outro xeito de entreter os nenos? De que xeito cre que se poden alternar cos xogos?
- Cre que os adultos que practican algún deporte xa o facían na súa infancia?
- (*Se procede*) Que deportes practican os nenos e adolescentes no seu lugar de orixe? Que diferenzas e semellanzas atopa con Galicia?

**OPCIÓN B**

- Cre que hai unha idade ideal para que os nenos comecen a practicar un deporte? Cal? Por que?
- Parécelle ben que as prácticas deportivas na infancia sexan guiadas por un profesional ou deberían ser só actividades lúdicas e libres para entreterse e pasalo ben?
- Se un rapaz ou unha rapaza que vostede coñece quere practicar un deporte de alto risco, que lle aconsella?
- (*Se procede*) Que deportes practican os nenos e adolescentes no seu lugar de orixe? Que diferenzas e semellanzas atopa con Galicia?

**OPCIÓN C**

- Que opina vostede sobre as competicións e os premios nas prácticas deportivas na infancia?
- Que tipo de actividades de lecer cre vostede que practican os nenos de hoxe en día? Son moi diferentes ás da súa infancia?
- Cre que as actividades deportivas realmente inflúen dalgún xeito na saúde ou no benestar físico?
- (*Se procede*) Que deportes practican os nenos e adolescentes no seu lugar de orixe? Que diferenzas e semellanzas atopa con Galicia?